



## **BASES DA CONVOCATORIA PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA EXPONTÁNEAS 2016**

### **1. LIÑAS XERAIS**

#### **1.1. Finalidade e obxecto**

O programa Expontáneas ten como obxectivo o impulso da creación artística emerxente mediante a realización de proxectos de intervención artística en espazos urbanos.

#### **1.2. Contido das intervencións**

Os proxectos de intervención artística responderán á filosofía integradora e participativa do arte público e buscarán a recuperación do valor do espazo cotián a través do feito artístico. Ademais, deberán cumprir as seguintes condicións:

- a) Pertencer ao ámbito das artes visuais (escultura, graffiti, instalación, pintura, videoarte, etc.), das artes escénicas (danza, teatro, música, etc.) ou do deseño (arquitectura, paisaxismo e urbanismo). Os proxectos poderán fusionar elementos pertencentes a diferentes disciplinas artísticas.
- b) Ter carácter orixinal ou inédito, e non ter sido presentados anteriormente nin expostos ao público.
- c) Ter carácter efémero, sen provocar ningún impacto permanente no espazo público.

### **2. CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O gasto previsto para o exercicio 2016 é de 24.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 50.334.226.09, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación mencionada. Os actos de trámite ditados neste expediente de gasto se entenderán condicionados a que, ao ditarse o acordo de autorización do gasto, subsistan as mesmas circunstancias de feito e dereito existentes no momento no que foron ditados aqueles.

### 3. PARTICIPANTES

Poderán participar no programa as persoas físicas que na data de finalización do prazo de presentación de proxectos teñan unha idade comprendida entre os 18 e os 35 anos ou aquelas entidades xurídicas sen ánimo de lucro cuxo proxecto o leven a cabo persoas que cumpran este requisito de idade.

### 4. CONDICIÓNS

#### 4.1. Localización

Os proxectos de intervención artística desenvolveranse en espazos públicos urbanos do termo municipal da Coruña.

#### 4.2. Temporalidade

Os proxectos de intervención artística terán unha duración comprendida entre os tres e os sete días e se desenvolverán entre os meses de abril e xuño e setembro e decembro de 2016.

#### 4.3. Cachés dos proxectos

- a) O caché do proxecto será fixado libremente polo solicitante, cun importe máximo de 1500 euros, impostos incluídos.
- b) O prezo do contrato incluírá os traballos necesarios para a reposición do espazo público ao seu estado orixinal á finalización do servizo.

#### 4.4. Condicións da prestación do servizo

- a) Os proxectos de creación artística terán carácter público e gratuíto, e non se poderán desenvolver en espazos de acceso restrinxido.
- b) Os adxudicatarios prestarán os servizos artísticos de conformidade coa proposta técnica presentada, co establecido nestas bases de convocatoria e coas directrices e orientacións establecidas polo Servizo de Cultura.
- c) As variacións no proxecto orixinal deberán ser aprobadas expresamente polo Concello da Coruña.
- d) Os adxudicatarios deberán manter activo durante todo o proceso de desenvolvemento do proxecto unha canle de comunicación activa a través das redes sociais de Expontáneas con, ao menos, unha entrada diaria.

#### 4.5. Titularidade dos dereitos

Os adxudicatarios ceden expresamente ao Concello da Coruña o dereito de reprodución e exhibición dos produtos resultantes do proxecto de intervención artística realizado.

#### 4.6. Condicións xerais

- a) Os adxudicatarios obríganse ao estrito cumprimento da normativa en vigor en relación coa prevención de riscos laborais e saúde laboral.

- b) Os adxudicatarios quedan obrigados a deixar libres as vías públicas, debendo realizar os traballos necesarios para permitir o tránsito de peóns e vehículos durante a execución dos traballos. Deberán dispor de todas as instalacións que sexan necesarias para o mantemento de servidumes, servizos e concesións preestablecidos, sendo responsable dos danos e prexuízos que por incumprimento desta prescrición podan resultar exixibles. O abono dos gastos que este mantemento ocasione, encóntrase comprendido no prezo do contrato.
- c) Os adxudicatarios quedan obrigados a instalar e manter a súa costa e baixo a súa responsabilidade, as sinalizacións necesarias, balizamentos, iluminacións e proteccións adecuadas para os traballos, tanto de carácter diúrno como nocturno, atendéndose en todo momento ás vixentes regulamentacións e obtendo en todo caso as autorizacións necesarias.
- d) Os adxudicatarios serán responsables de todos os danos e prexuízos directos ou indirectos que poidan ocasionar a calquera persoa, propiedade ou servizo.
- e) Os adxudicatarios poñerán en coñecemento do Concello da Coruña calquera incidencia relevante producida durante a prestación do servizo nun prazo non superior ás 24 horas.

## 5. DOCUMENTACIÓN

### 5.1. Documentación administrativa

Os licitadores deberán presentar a seguinte documentación administrativa:

No caso de persoas físicas:

- a) Copia do DNI.
- b) Currículo artístico do licitador e o seu equipo artístico.
- c) Certificado da titularidade da conta bancaria, segundo o modelo oficial do Concello da Coruña.

No caso de persoas xurídicas:

- a) Tarxeta do NIF da entidade
- b) Copia do DNI do representante e das persoas participantes no proxecto.
- c) Escrituras ou estatutos da entidade.
- d) Historial artístico da entidade e do equipo artístico.
- e) Certificado no que especifique a pertenza á asociación das persoas participantes no proxecto.
- f) Certificado da titularidade da conta bancaria, segundo o modelo oficial do Concello da Coruña.

## 5.2. Documentación técnica

Os licitadores deberán presentar a seguinte documentación técnica relativa ao proxecto de intervención artística:

- a) Título do proxecto.
- b) Descrición do contido da intervención artística a realizar.
- c) Bocetos, planos, maquetas e restantes elementos gráficos necesarios para a adecuada comprensión da proposta e o seu alcance.
- d) Descrición do espazo público no que se va a realizar a intervención.
- e) Proxecto técnico de execución, detallando a duración do proxecto e o calendario ou cronograma de realización.
- f) Oferta económica.

## 6. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

### 6.1. Lugar

As propostas presentaranse, xunto coa documentación requirida, en calquera dos rexistros municipais ou por calquera outro medio previsto no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Se alguen presenta a solicitude nalgún dos lugares recollidos na normativa, diferente a un rexistro municipal deste Concello, deberá de enviar un email a [info@expontaneas.gal](mailto:info@expontaneas.gal) nas datas previstas para a recepción de solicitudes indicando dito extremo. Neste caso a solicitude e a documentación dirixirase a:

**Expontáneas 2016**

**Concello da Coruña.**

**Praza de Maria Pita, 1**

**15001 A Coruña**

### 6.2. Prazo

O primeiro prazo de presentación de propostas, para os proxectos a desenvolver entre os meses de abril e xuño, será de 15 días naturais, contados a partir do seguinte ao de publicación da convocatoria na páxina web do Concello da Coruña.

O segundo prazo de presentación de propostas, para os proxectos a desenvolver entre os meses de setembro e decembro, estará aberto entre o 1 e o 31 de maio de 2016.

## 7. RESOLUCIÓN DOS PROGRAMAS

### 7.1. Criterios de adxudicación

A selección dos proxectos técnicos realizarase en base aos seguintes criterios de adxudicación:

- a) Calidade artística do proxecto: ata 50 puntos.
- b) Valorarase a calidade artística da proposta, o seu carácter innovador, a integración co entorno e os usos do espazo público e a súa contribución á mellora da habitabilidade e convivencia.
- c) A puntuación mínima para poder optar á adxudicación será de 30 puntos. As ofertas con puntuación inferior a este valor consideraranse tecnicamente inaceptables.
- d) Proxecto técnico de execución: ata 25 puntos.
- e) Valorarase a coherencia e idoneidade do calendario e cronograma de execución, a compatibilidade dos traballos coa actividade ordinaria do espazo público e a garantía das condicións de seguridade dos traballos.

### 7.2. Comisión de valoración

Para a avaliación dos proxectos constituirase unha comisión de valoración integrada pola seguintes persoas:

- a) O Director da Fundación Luis Seoane
- b) O Director da EASD Pablo Picasso
- c) O Coordinador do CMIX

### 7.3. Adxudicación

A adxudicación dos traballos realizarase mediante resolución do Concelleiro Delegado de Cultura, Deporte e Coñecemento e formalizarase mediante contrato privado de creación e interpretación artística, conforme ao establecido no artigo 20 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos del Sector Público (LCSP).

### 7.4. Pagamento

O prezo do contrato será abonado nun 40% á presentación do proxecto técnico e plan de traballo definitivo, e nun 60% trala prestación do servizo, previa presentación das facturas e da documentación acreditativa da alta no Imposto de Actividades Económicas.